



DOCENTES DE GARDA, EN DEPARTAMENTOS OU OUTRAS ESTANCIAS

Ó oír a Alarma Acústica de emerxencia:

- Abandonará a estancia que ocupen asegurándose de que estea baleira e confirmará que se cerran portas, xanelas e se corte o suministro eléctrico da estancia (no cadro ou no interruptor de alumado) e marcará que foi evacuada e revisada (p.e. cun papel na zona de peche da porta ou cunha cadeira na porta).
- Fizarase nas aulas ou departamentos que estean fóra do centro por visitas ou outras causas.
- Dirixirse ao punto de encontro (conserxería) e esperará instrucións do equipo directivo (chaleco de cor verde) uo a dirección (chaleco de cor amarelo).
- A súa labor será garantir a revisión do centro, así como unha boa evacuación, evitando interrupcións e controlando que non quedan persoas atrasadas, para iso abrirá as portas de saída de maneira completa e situarase en puntos de tráfico conflitivo (escaleiras e portas de saída) para axilizar a evacuación.

A persoa encargada da biblioteca será a encargada da evacuación dos alumnos que a estean ocupando nese momento (mesmas pautas de peche de portas e xanelas, corte de subministro e marcado da aula como evacuada).

Nota: Se a emerxencia se produce durante o tempo de lecer:

Os docentes dirixiranse ás saídas de evacuación correspondentes aos seus grupos segundo os seus horarios e o profesorado de garda e persoal de biblioteca terán as mesmas tarefas que tiñan asignadas anteriormente.

RECOMENDACIÓNS:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que teñan algunha discapacidade (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección da sinalización fotoluminiscente de evacuación.**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra a xanela e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNIÓN FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCIÓNS.



NO PUNTO DE REUNIÓN:

- Seguirá mantendo a fila en orde.
- Verificará que ten todos os alumnos que había na aula.
- Buscará algún membro de equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) que esta con chaleco de cor azul e indicarlle a súa aula e se están todos os alumnos, así como outros datos de interese que vexa convenientes.
- Manterá aos alumnos controlados



PUNTO DE REUNIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL.